


Renda Básica:

o novo direito
social necesario



Máis info:
rendabasica.gal

A construción dunha sociedade cohesionada e igualitaria precisa de novas ferramentas para afrontar a consecución do que hoxe son uns obxectivos reais. Deixamos atrás o tempo dos adxectivos simbólicos que cumprían o papel de adorno nos discursos e é momento de traballar nunhas metas que nos fagan avanzar en conxunto, porque así o reclama a sociedade. O Concello da Coruña aprobou de maneira unánime o pasado mes de outubro, e a proposta do Colectivo Renda Básica da Coruña, unha moción na que se pedía seguir ampliando e fomentando o debate e o coñecemento arredor dunha destas novas ferramentas que aparece no noso marco social, a Renda Básica. A finais deste mes de marzo, na Coruña teremos a oportunidade de escoitar a voces representativas e expertas de moitas das caras do prisma que compón a nosa realidade e que están moi aliñados con feitos, retos, preocupacións e clamores que sacoden o globo nos nosos días: o feminismo, a sustentabilidade, o impacto das políticas locais ou as transformacións laborais e económicas deste século. Temos unha excelente oportunidade para seguir a enriquecer as estruturas nas que podemos apoiar un futuro con máis xustiza social.

Este debate e a toma en consideración das opcións son elementos esenciais porque os retos que nos marcamos non son sinxelos de acadar. Todas as voces e todas as ferramentas suman neste camiño sen retorno. A xustiza social supón unha mellora da calidade e das condicións de vida de toda a sociedade, sen deixar a ninguén atrás, pero tamén un incremento nas súas oportunidades, que pasan a ser, cando menos, iguais as do resto da cidadanía. A responsabilidade das administracións é proporcionar os vimbios precisos para que isto sexa real. No eido local da Coruña existen a Renda Social municipal ou o plan A Flote que serven de apoio para que a veciñanza afronte situacións de emerxencia e teña un mecanismo ao que aferrarse para recuperar a estabilidade.

Pero o sistema non pode deixar de cuestionarse como pode mellorar ata que todas e cada unha das nosas veciñas conte cos recursos que lle permitan ter unha vida digna. Por iso, quero convidar á cidadanía a participar nestas xornadas, a abrir máis debates e a aportar ideas. A escoitar e ser escoitada. Porque se avanzamos, é porque o facemos entre todas.

Silvia Cameán

Concelleira de Xustiza Social e Coidados

O Ceesg é unha corporación de dereito público constituída pola Lei 1/2001 do Parlamento de Galicia, e concibida como unha organización con capacidade para representar e velar polos intereses das educadoras e educadores sociais de Galicia, así como ordenar o exercicio da profesión de cara a desenvolver accións socioeducativas de calidade que teñen con fin último promover o benestar das persoas, grupos e comunidades destinatarias e protagonistas das mesmas.

Neste sentido, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia está ao servizo da sociedade galega no seu conxunto, e moi especialmente dos colectivos cos que traballan as educadoras e os educadores sociais.

O Ceesg ten como obxectivo ordenar o exercicio profesional, definir e regular as diferentes especialidades profesionais e establecer as correspondentes normas orientadoras. Así mesmo, ten que representar os intereses xerais da profesión, especialmente a través do establecemento de relacións estables coas diferentes administracións e entidades privadas do ámbito do social. Tamén vela pola ética profesional das educadoras e dos educadores sociais, así como polo respecto dos dereitos da cidadanía.

Así mesmo, é tarefa do Colexio organizar actividades e servizos comúns de carácter profesional, científico, cultural, de previsión e análogas, así como mellorar e impulsar o desenvolvemento dos diferentes ámbitos profesionais, intervirando na mellora da formación, en colaboración coas universidades de Galicia, a través da promoción de actividades formativas e de divulgación profesional.

O Ceesg pertence ao Consello Xeral de Colexios de Educadoras e Educadores Sociais a través do cal colabora coa Educación Social en todo o Estado Español e tamén a nivel internacional.

A RENDA BÁSICA.

Qué é a Renda Básica? ⁽¹⁾

A renda básica (en adiante RB) pódese definir coma un ingreso regular que permite levar unha vida digna (**suficiente**) para cada membro da sociedade (universal) polo simple feito de ter nacido (incondicional) e xestionada por cada quen (individual). Estas son as catro características que definen esta figura e a diferencian doutras aparentemente semellantes, e ás veces co mesmo nome. Nomeadamente as Rendas de Integración, en Galicia RISGA.

En relación a esta definición cabe precisar:

I) Suficiente: Por riba do limiar da pobreza, para acabar con ela. Non se trata dunha esmola nin dunha prestación insuficiente como as que estamos afeitas/os a ver coa Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), a cantidade ten que ser abonda para permitir vivir con dignidade. A proposta de Red Renta Básica sitúaa por riba do limiar da pobreza (definido como o valor que corresponde ao 60 % da mediana de la renda nacional equivalente en unidades de consumo), no entorno de 710 euros no ano 2017.

II) Universal: Para todas as persoas residentes no territorio de implantación.

III) Individual: A RB enténdese como dereito humano de carácter individual. Non para a unidade de convivencia (como a familia) nin para a comunidade da que formas parte (tribo, barrio...). É importante para evitar discriminacións por razóns de sexo, idade

(mozas/os ou maiores que residen cos/coas pais /nais-fillos/as), minorías, etc.

IV) Incondicional: Para recibila non hai que demostrar nada. A RB parte da desaparición de subsidios condicionados, nomeadamente as Rendas de Integración, o paro de longa duración, as pensións non contributivas, etc. Hai que aclarar que substitúe á prestación sempre que esta sexa inferior; en caso de ser superior, cobraríase a prestación e non a RB. Por tanto, vaise cobrar sen ningún tipo de condición. Traballes ou non, sexas millonaria/o ou non, nova/o ou vella/o... (tan só se limita en menores de idade que, na maioría dos modelos de financiamento, cobrarían unha porcentaxe do total).

Enfoques da Renda Básica.

Renda Básica como dereito

O concepto de Renda Básica como dereito vén de hai tempo e tamén procede de diferentes culturas ideolóxicas. Por mencionar algúns referentes: Thomas Paine, un dos chamados "pais fundadores dos Estados Unidos" e partidario do "imposto sobre a terra" que financiaría un tipo de RB; Lafargue, co seu "Eloxio da preguiza"; ou o presidente da Red Renta Básica, Daniel Raventós, dende o seu "republicanismo".

Actualmente a mellor definición de renda básica como dereito atopámola na "Declaración de dereitos humanos emerxentes de Monterrey de 2007", que defende no seu

artigo 1 o dereito á existencia en condicións de dignidade, concretando no apartado 3 dese artigo o dereito á renda básica ou ingreso da cidadanía universal, que asegura a toda persoa o dereito a vivir en condicións materiais de dignidade.

Neste argumento tamén atopamos diferenzas coas Rendas de Integración. A caridade e a solidariedade, por unha banda, e a xustiza e o dereito pola outra.

Renda Básica e a crise

Non cabe dúbida de que a crise ten xerado máis pobreza e máis desigualdade. Por moito que nos digan que estamos a saír dela, o paro e a precariedade instaláronse na nosa sociedade, e a pobreza, consecuencia da desigualdade, está aumentando.

Dende esta perspectiva a Renda Básica cumpriría os seguintes obxectivos:

-Dar unha resposta paliativa á crise, unha resposta con claras vantaxes á outra alternativa, a RISGA, da que se diferencia especialmente polo seu carácter non condicional.

Vantaxes:

-Menor gasto en controis, inspeccións, etc.

-Maior dignidade, xa que quen recibe unha prestación condicionada tende a ter un sentimento de culpabilidade

-Eliminación da “trampa da pobreza”, definida aquí como a penalización que supón aceptar un traballo remunerado pola persoa beneficiaria dun subsidio condicionado.

-Acabar coa pobreza de vez, permitiría renunciar a traballos precarios, sendo un factor de dignificación dos mesmos, podería funcionar como unha caixa de resistencia.

-Permitir unha diminución importante da desigualdade social.

Renda Básica: automatización e adaptación ao século XXI.

Dende esta perspectiva, a xénese da crise actual derivaría tamén dun proceso, o da automatización, que aínda está nos seus inicios. Hai uns anos vimos o declive de profesións como a de controlador/a aéreo/a ou a de pilotos de aviación, hoxe vemos os graves problemas que atravesamos o sector do taxi ou o pequeno comercio. De igual xeito vemos a xeneralización de drones, impresoras 3D, robots, automatización e normalización de procesos administrativos, vehículos e outras máquinas automáticas, nanotecnoloxía, cultivos de células nai... e aínda estamos no inicio dunha curva que se prevé exponencial.

Hai quen di que todo emprego automatizábel será automatizado e teremos que adaptarnos aos novos tempos. Se vivir ben (con bens e servizos abondos para todas e todos) xa non precisa de traballar tanto nin todas/os, pois adaptémonos. E esa adaptación empeza pola RB.

Soldos dignos: As novas tecnoloxías están a provocar paro ou precariedade. Dende esta perspectiva a Renda Básica podería ser o novo pacto que permite xerar un consumo “suficiente” e estábel. A grande cantidade de activos gastados na RB entraría no ciclo en forma de consumo, especialmente para satisfacer necesidades básicas (alimentación, vestido, vivenda) favorecendo o comercio e a produción, especialmente a local, promovendo unha sociedade máis segura e igualitaria.

Crecedemento constante do PIB: A outra adaptación económica necesaria neste século é a adaptación aos límites do crecedemento continuo. O século XX (e realmente moitos dos anteriores) estiveron presididos pola necesidade do crecedemento constante do PIB, mais iso xa non vai ser posíbel neste século. O sistema económico é un subsistema do ecolóxico, e este estanos a avisar: Cambio climático. Esgotamento de recursos naturais enerxéticos e materiais non renovables. Contaminación

A solución vai obrigar a cambios no sistema produtivo e, polo tanto, no mercado de traballo que, de seguro, provocará transformacións nas relacións laborais e a desaparición dalgúns empregos claramente insostibles dende un punto de vista ecolóxico. Unha situación complicada que, en calquera caso, non vai ser igual con RB que sen ela.

Acaso estas dúas características, a automatización e os límites do crecedemento, non converten esta crise nunha crise sistémica que non nos vai permitir continuar como no século pasado?. Se non actuamos o colapso estaría garantido. A renda básica, o novo pacto, representaría unha nova forma de redistribución da renda e a única solución para evitalo.

Defensa da democracia: Non corremos o risco de que a crise, sen máis perspectivas cás que ofrece o sistema (RISGA, paro, precariedade), condenadas ao fracaso, nos leven a buscar e, peor aínda, atopar, falsas saídas? Estaríamos entre dous sistemas, o do pasado, que se nega a acabar, e o do futuro, que non dá principiado, como nunha noite entre dous días, creadora de monstros. Estámolo vendo... E, por certo, en Galicia sabemos ben o que son as “longas noites de pedra”.

En moitos sentidos seguimos vivindo como no século pasado, malia que o cambio tecnolóxico tamén leva consigo retos no mesmo concepto de democracia: por unha banda, por exemplo a maior información ou as multiplicadas posibilidades da democracia directa; por outra, o maior control social, espionaxe de estado, manipulación. Hai un enfrontamento ideolóxico, e, sobre todo práctico, entre as persoas partidarias de avances no concepto de democracia e as partidarias da súa limitación. A RB facilitaría un avance na democracia, aínda que só sexa pola redución do índice de Gini que xera.

Financiamento

O financiamento da Renda Básica consideramos que debe de partir dunha reforma fiscal, e dicir, debe ser redistributivo.

Dentro da RB no estado español os estudos máis completos son os realizados polos membros de Red Renta Básica, Arcarons, Raventós e Torrens, que demostran a viabilidade da RB partir dunha reforma da Renda das persoas físicas e do aforro en subsidios que sumen inferior contía a esta. No ano 2018 publican un novo libro onde amplían os datos dos estudos anteriores, responden a algunhas críticas e valoran outras vías complementarias de financiamento.

Nesta páxina hai información detallada do estudo realizado no ano 2014 para o conxunto do Reino de España: <http://www.sinpermiso.info/textos/un-mo-del-de-financiacion-de-la-renta-bsica-para-el-conjunto-del-reino-de-espa-s-se-puede-y-es> ⁽²⁾

Estes estudos unicamente pretenden demostrar a viabilidade económica da RB. Están baseados nunha reforma en profundidade do actual imposto sobre a renda das

persoas físicas (IRPF) para financiar unha asignación monetaria incondicional a toda a poboación: cidadanía e residentes acreditadas/os, que ten que cumprir, en resume, estes obxectivos:

- que a reforma se autofinancie, é dicir, que non xere déficit neto.
- que teña un impacto distributivo progresivo.
- que máis do 50 por cento da poboación con menos ingresos gañe renda neta respecto da situación actual.
- que os tipos impositivos reais tras a reforma do modelo non sexan excesivamente elevados.

Ademais, o modelo deseñado susténtase, entre outras, nas seguintes restricións:

- A cantidade de RB transferida será igual ou superior ao limiar de risco de pobreza. Garante pobreza cero en termos estatísticos para toda a cidadanía. A RB transferida non estará gravada polo IRPF. A RB substitúe toda prestación pública monetaria de cantidade inferior e deberá ser complementada, cando sexa inferior á prestación pública monetaria. A RB deberá financiar o que xa se financia actualmente (sanidade, educación... e todas as outras partidas de gasto público), ademais da RB que se propón. Non se consideran fontes alternativas de financiamento. Nin sequera a loita contra a evasión fiscal nin a redución de gastos innecesarios. Trátase de demostrar a viabilidade evitando polémicas innecesarias.

- A cantidade considerada de RB tomou como base limiar de risco de pobreza do Reino de España para o ano 2010 (daque-la último ano con datos), para as persoas maiores de 18 anos foi de 7.471 euros

anuais (622,5 euros mensuais), para as/os menores de idade é o 20% da anterior (124,5 euros mensuais).

Esquemáticamente, os resultados demostraron que **é posible financiar unha RB para todas as persoas que residen no Reino de España, que a gran maioría de declarantes do IRPF, nunha porcentaxe superior ao 80% da poboación, saíra gañando** e que, por tanto, a reforma proposta significa unha gran redistribución da renda dos sectores máis ricos ao resto da poboación. O índice de Gini ^(*) diminúe máis de 11 puntos, situándose nun nivel moi similar ao dos países escandinavos.

En calquera caso o financiamento da RB esixe unha potestade fiscal. A ese nivel temos que actuar, ou Estado ou Europa, non valen atallos locais nin autonómicos (a non ser que Galicia obtivese unha potestade fiscal como Euskadi).

En resume, o estudo de Raventós, Arcarons e Torrens demostra que a aplicación dunha RB pódese facer xa. Iso é o que temos que esixir? Unha RB xa, sen máis proxectos pilotos, sen longos prazos de implantación?. É necesaria, é urxente e é posíbel?, Só necesitamos unha reforma fiscal?.

É un problema que afecta ás políticas sociais e económicas; é dicir, á capacidade para determinar que sociedade queremos e poñer os medios adecuados para acadala.

^(*) O índice de Gini é un número entre 0 y 100, onde 0 correspóndese coa perfecta igualdade (todos teñen os mesmos ingresos) e 100 correspóndese coa perfecta desigualdade (unha persoa ten todos os ingresos e os demais ningún). Unha variación de dúas unidades do índice equivale a unha distribución dun 7% da riqueza do sector máis pobre da poboación ao máis rico.

Para máis información:

Máis info:
rendabasica.gal

- (1) **Que é a RB?:** (Vídeo de 5 minutos)
<https://bit.ly/2zdfWbQ>
- (2) **Financiamento da RB:**
<http://bit.ly/2Hfug87>
- (3) **Cifras de financiamento da RB actualizadas**
<https://bit.ly/2S5rWCn>
- (4) **Páxina dos colectivos cidadáns pola RBU** (Galicia)
(facebook): <http://bit.ly/2THDCPJ>
- (5) **Páxina da Rede Renda Básica:**
<http://www.redrentabasica.org/rb/>
- (6) **Páxina da Basic Income Earth Network** (BIEN):
<https://basicincome.org/>

edita



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
>PRÓXIMA

